

Modificación Permisos Maternidade e Paternidade

Unha vez publicada a LEI 9/2017, do 26 de decembro, de medidas sociais e administrativas o 28 de decembro de 2017 a partir do 1 de xaneiro os permisos de parto, adopción ou acollemento e o do cónxuxe persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto, adopción ou acollemento queda da seguinte forma:

Permiso por parto, adopción ou acollemento.

20 semanas (no lugar das 18 actuais).

Permiso do outro proxenitor por nacemento ou adopción ou acollemento dun fillo/a.

5 semanas (no lugar dos 29 días actuais).

Entra en vigor o 1 de xaneiro é de aplicación tamén a todo o persoal que xa o estea a gozar nesa data.

Fronte a isto a CIG segue a apostar por un permiso de maternidade de 12 meses de duración e que progresivamente o permiso para o outro proxenitor se amplíe até chegar á mesma duración, consolidándose o permiso de maternidade como un permiso non transferíbel.

No camiño de acadar este obxectivo é obvio que a proposta da Xunta, e aínda recoñecendo un pequeno avance, é totalmente insuficiente.

Solicitamos a negociación real dun plan de ampliación de todos os permisos recollidos na Lei de Emprego Público e, especificamente, os que agora se nos presentan.